


Texto de comprensión para o día **23 de decembro de 2020**



Este texto é o principio do libro titulado Kusuma, de un escritor chamado Héctor Cajaraville. Está na biblioteca do noso cole!

Le o texto e trata de facer as preguntas de comprensión sen miralo.

As palabras subliñadas teñen ao lado o seu significado en castelán para que sexa máis fácil a lectura.

Un mar de palmeiras

O faisán de Kaltim é a ave máis fermosa do mundo. Esta afirmación pode asemellar un tanto atrevida, porque a competencia por este título é moi dura: en todos os recunchos (rincones) do planeta hai paxaros fermosísimos; tan esveltos, tan gráciles e cun colorido tan cegador que non parecen reais, senón un produto da fantasía dalgún xenio da pintura posuído (poseído) por un inspirado delirio creador. Pero quen viu un faisán de Kaltim non ten dúbida de que a súa beleza está por riba da de calquera da outra ave.

Por se alguén non coñece esta especie, a súa descrición é a seguinte: só ten que imaxinar un arco da vella (arco iris) ao que lle nacesen ás (alas), patas, unha cola en forma de abano (abanico) e unha cabeza pequeniña rematada nun peteiro (pico) longo e dereito coma unha agulla: no faisán de Kaltim a natureza xuntou todas as cores do mundo, e mesmo hai algunhas cores que só existen porque aniñan (anidan) entre a súa plumaxe (plumaje).

A súa fermosura acrecéntase cando despregan o voo (vuelo), e ver un faisán de Kaltim sucando (surcando) o ceo (cielo) deixa aos espectadores que o contemplan inmóbiles, sen alento e cos ollos abertos como pratos.

O faisán de Kaltim chámase así porque só habita nunha remota selva asiática que recibe ese nome. Fóra de alí son moi poucas as ocasións en que podemos ver un exemplar desta especie. Ou eran poucas, porque desde hai un tempo todo está a mudar (cambiar) ...

Completa cos adxectivos do texto:

O faisán de Kaltim é a ave máis do mundo.

En todos os recunchos do planeta hai paxaros , tan , tan e cun colorido tan cegador que non parecen reais.

Elixo a opción axeitada marcando cunha X

- ☐ O faisán parécese a un arco da vella ao que lle nacesen ás.
- ☐ O faisán parécese a unha nube á que lle naceron ás.
- ☐ A súa cola ten forma de abano.
- ☐ A cola ten forma de arco da vella.
- ☐ Ten a cabeza moi e o peteiro moi pequenos.
- ☐ Ten o peteiro longo, delgado e a cabeza pequeniña.
- ☐ Cando voan a xente asústase polo seu tamaño.
- ☐ Cando voan a xente queda sorprendida pola súa beleza.
- ☐ O seu nome venlle dado por un famoso científico chamado Kaltim.
- ☐ O seu nome venlle dado porque habitan nuha selva de asia chamada Kaltim.

Separa en sílabas as seguintes palabras do texto:

Faisán: fai-sán

Afirmación:

Título:

Fantasía:

Posuído:

Ceo:

Especie: